

Resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral 2021.

A Orde do 31 de decembro de 2020 (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 2021), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego. A dita convocatoria dispón no seu artigo 21.2 un proceso de avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

De acordo co Decreto 79/2023, do 22 de xuño (DOG núm. 119, do 23.06.2023), polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e co Decreto 119/2022, do 23 de xuño (DOG núm. 126 do 04.07.2022), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia (en adiante, SUG), seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

A instrución 2/2023, do 3 de novembro de 2023, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, iniciou este procedemento de avaliación da actividade investigadora desenvolvida. A dita avaliación foi realizada por persoas expertas externas alleas ao Sistema Galego de Innovación, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Unha vez finalizado este proceso, e de acordo co informe das persoas expertas correspondentes, a Axencia Galega de Innovación,

Secretaría Xeral de Universidades
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 1, planta 1ª
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 649
promocioncientifica@xunta.gal



RESOLVE:

1. Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador e emitir a certificación para as seguintes persoas investigadoras que obtiveron unha avaliación positiva:

Investigadoras e investigadores do programa de axudas para completar a etapa de formación posdoutoral 2021					
Univ.	1 apelido	2 apelido	Nome	DNI.	Avaliación
UDC	Blanco	Calvo	Alejandro	*****08V	POSITIVA
USC	Cambón	Freire	Adriana	*****61H	POSITIVA
UDC	Fafián	Labora	Juan Antonio	*****89S	POSITIVA
UVIGO	Ferreira	Rodríguez	Noé	*****53H	POSITIVA
USC	Gómez	Varela	Ana Isabel	*****94F	POSITIVA
UVIGO	Ramos	Berdullas	Nicolás	*****91G	POSITIVA
UVIGO	Romero	Rivas	Vanesa	*****34H	POSITIVA

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen conveniente.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital,
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

Secretaría Xeral de Universidades
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 1, planta 1ª
15781 Santiago de Compostela
T. +34 981 957 649
promocioncientifica@xunta.gal

